



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 4 DE XULLO DE 2013

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Concelleiro
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA
Concelleiro

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS (que se incorpora despois da súa toma de posesión)

Concelleira

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS

Concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIONS

DNA. M^a JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día 4 de xullo de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 6 DE XUÑO DE 2013.

2º.- TOMA DE POSESIÓN DA CONCELLEIRA DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS (PsdeG-PSOE).

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

3º.-DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 31 DE MAIO DE 2013, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.

4º.-ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde.- Moi ben. Boa tarde a todos e a todas, benvidos á sesión plenaria correspondente ao mes de xullo, e como corresponde ao mes de xullo cunha boa temperatura, como podedes percibir i observar,

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 6 DE XUÑO DE 2013.

Sr. Alcalde.- damos comezo polo tanto á sesión plenaria, ordinaria, que ten a parte resolutoria no primeiro punto que é: a

aprobación da acta, se procede a acta correspondente á sesión celebrada o pasado seis de xuño, non sei se hai algunha alegación á acta, senón aprobámola por unanimidade.

Apróbbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 6 de xuño de 2013, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- TOMA DE POSESIÓN DA CONCELEIRA DÑA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS (PsdeG-PSOE).

Sr. Alcalde.- Punto número dous, toma de posesión da Concelleira Doña Mónica Magariños Cobas do Partido Socialista de Galicia, e si ten a ben acompañarnos aquí para facer o xuramento, a promesa do seu cargo.

Sra. Mónica Magariños do PS de G.-PSOE.- Prometo, por mi conciencia y honor, cumplir fielmente las obligaciones del cargo de concejala, con lealtad al rey, y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado.

Sr. Alcalde.- Pode tomar asiento.

Sra. Mónica Magariños do PS de G.-PSOE.- Gracias.

Téndose comunicado por parte da Xunta Electoral Central a Credencial de Mónica Magariños Cobas, e téndose formulada a declaración de intereses, bens, actividades e eventuais causas de incompatibilidade o día 25-06-2013, comparece en substitución de D. Manuel Paradela Abelleira, por renuncia deste, e promete perante o Concello Pleno cumprir fielmente as obrigas como Concelleira desta Entidade Local con lealdade, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, tomando posesión do seu cargo e integrándose a partires deste intre no Pleno Municipal.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Seguidamente, pregúntase polo Sr. Alcalde se, conforme ao establecido no artigo 91 do R.O.F., algún grupo político desexa someter a consideración do Pleno, por razón de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día e que non teña cabida no punto de Rogos e Preguntas.

A) ESCRITO DO PsdeG-PSOE SOBRE A INCORPORACIÓN DA NOVA CONCELEIRA DÑA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS ÁS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

Sr. Alcalde.- Moi ben, pois, tomada a posesión da nova compañeira da Corporación Municipal i antes de pasar á parte de control da xestión i antes de preguntar si algún grupo ten algunha moción de urxencia, comentar que o Grupo Municipal Socialista, i tratámolo como moción de urxencia, presenta escrito donde a Concelleira Doña Magariños Cobas se incorpora aos efectos ao grupo municipal socialista i que a mencionada concelleira se designa como representante do citado grupo municipal nas Comisións Informativas en que ten representación, tanto de titular como de suplente, e coas mesmas atribucións que ostentaba Don Manuel Paradela Abelleira, se lles parece procedemos a votar a urxencia. Votos a favor apróbbase por unanimidade. Y pasamos a votar o fondo da cuestión, votos a favor, apróbbase por unanimidade. Por tanto queda aprobado este punto fóra da orde do día.

Dáse conta do escrito presentado polo PsdeG-PSOE polo que propón que a nova Concelleira Dña. Mónica Magariños Cobas se incorpore como membro das Comisións Informativas das que formaba parte D. Manuel

Paradela Abelleira, ao que substitúe en virtude da súa renuncia como Concelleiro.

Sometida a urxencia a votación, resulta aprobada por unanimidade.

Finalmente, o Pleno da Corporación queda sabedor, ao mesmo tempo que adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Aprobar a incorporación da Concelleira Dna. Mónica Magariños Cobas ás Comisións Informativas en quen ten representación o PsdeG-PSOE, tanto como titular como suplente, e das que formaba parte o anterior Concelleiro D. Manuel Paradela Abelleira.

B) Sr. Alcalde.- non sei si hai algunha outra moción de urxencia, ten a palabra a señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.-Bueno bo día a todos e a todas, como se dicía ao comenzo bo día-tarde como apuntan por aquí, calurosa. Queríamos presentar unha moción de urxencia, como é coñecido xa por todos os grupos, o Grupo Municipal Socialista ten rexistrado con data 10 de xuño unha moción na que se pedía o apoio ao colectivo de beneficiarios e beneficiarias de pensións do extranxeiro. Nas últimas semanas son moitas as persoas, veciños e veciñas do noso Concello, que están a recibir notificacións por parte da Axencia Tributaria na que se lles pide que procedan a realizar unha complementaria con respecto aos ingresos que reciben de pensións de outros países. Ben, esta situación fai que estean obrigados a presentar pois estas complementarias dende o ano 2008 y que estean a recibir, xa non só ter que ingresar isto, este diñeiro, sinón ter que ingresar tamén os intereses de demora, i nalgúns casos sancións por non telo feito no seu momento. Dende logo consideramos que, esta situación agora mesmo, no contexto económico no que nos atopamos deixa nunha situación moi complicada a estes pensionistas, que sin ter pretendido facer defraude, fraude a Hacienda Tributaria, simplemente por descoñecemento de que debían declarar estes ingresos porque en moitos casos eran os asesores laborais das Embaixadas dos países nos que estiveron inmigrados, ou incluso pois algunhas persoas da Seguridade Social ou demáis, as que lle dicían que non estaba clara a necesidade de tributar por este diñeiro posto que non se coñece, ou non se sabía por parte dos pensionistas se existía ou non convenio de dobre imposición con esos países, i é máis, por exemplo no caso de Alemania o propio Tribunal Superior ten realizado sentencias nas que se dicía que non é necesario tributar por estos ingresos. Por este descoñecemento, que non obraron de mala fe os nosos pensionistas, sinón que, como dicíamos, pois foi unha situación de descoñecemento, unha situación de que pois ao longo dos anos varía tamén a cantidade pola que se debe tributar i esto fai que, agora mesmo ter que facer fronte a estas sancións, ter que facer fronte a estos expedientes os deixe nunha situación moi complicada, porque como todos sabemos, agora mesmo son moitas as familias que viven das pensións dos seus maiores. Por eso pedimos i agardamos ter a sensibilidade de toda a corporación para apoiar esta reivindicación de apoio os beneficiarios das pensións no extranxeiro, pedindo e instando á Axencia Tributaria para que exima dos expedientes sancionadores ás persoas afectadas, porque, como dicíamos, non foi a súa intención defraudar, son de fraude fiscal os que intencionadamente levan o seu diñeiro a Suiza i non o declaran, eso sí é un fraude fiscal, non é un fraude fiscal o que, neste caso, por descoñecemento, os nosos pensionistas non teñan declarado. Por eso pedimos que non se aplique este expediente sancionador y esa é a moción que presentamos no día de hoxe agardando, como dicía, o apoio de toda a Corporación na sensibilidade i o respaldo aos beneficiarios de pensións do extranxeiro. Gracias.

Sr. Alcalde.- Moi ben, algunha intervención por parte de...

Sr. Alcalde.- Vamos a ver primeiro en relación á urxencia da cuestión porque non está suficientemente debatida, si hai algún tema en relación á urxencia.

Sr. Magariños do BNG.- Non, parécenos ben que se trate por vía de urxencia, sobretudo si foi entrada en rexistro con 10 de xuño pudo estar debatida para este pleno. Nos tamén presentamos unha moción, si ben máis tarde, pero bueno a verdade e que non tiña moita xustificación que desde o 10 de xuño hasta agora non entrara neste pleno cando é unha cuestión urxente porque bueno, os nosos veciños e veciñas si nos demandan que actuemos neste punto.

Sr. Alcalde.- Moi ben, señor Blanco en relación á urxencia da moción.

Sr. Alberto Blanco do PP.- Si, nada, nada que obxectar á urxencia.

Sr. Alcalde.- Moi ben, pois logo procedemos á votación da urxencia. Votos en contra? Abstencións? votos a favor? apróbase por unanimidade a urxencia, ten a palabra a señora Louzao para expoñer a súa moción.

Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.- Como dicíamos a urxencia está precisamente no que falábamos, están a recibir estas cartas, i como xa relataba cando manifestaba, falábamos do tema da urxencia. Son moitos os veciños e veciñas, A Estrada e un Concello no que a media de idade dos seus veciños é moi avanzada i no que desafortunadamente foron moitos, centos, as persoas que tiveron que inmigrar ao extranxeiro, i despois de traballar toda a súa vida en varios países, agora ven como ao regresar ao seu país, reciben estas cartas en moitos casos incluso con apercibimento de sanción. Polo tanto, consideramos que en recoñecemento de que non houbo mala fe, de que simplemente foi un descoñecemento por parte dos veciños y das veciñas, pedir, i é unha decisión política ao fin e ao cabo, á Axencia Tributaria que se exima destes expedientes sancionadores, porque coñécense casos, i así nolo teñen transmitido veciños e veciñas da Estrada, de familias ás que lle chegou notificación por distintos importes, fálanse de 7.000 euros, 9.000 euros, ou incluso familias nas que pois a persoa que estaba inmigrada faleceu, desgraciadamnte en accidente laboral, i que agora a súa viúva recibe este expediente sancionador por estos ingresos. Como dicíamos, cremos que existe un mar de dúbidas sobre a necesidade ou non de tributar por este diñeiro, como relataba antes, existen sentencias no caso de Alemania do Tribunal Superior no que di que estas pensións son carto público i por tanto xa están sometidas a retención no país de orixe, noutros países os beneficiarios descoñecen si existe ou non convenio de dobre imposición que lles obrigue a tributar por este feito, i incluso se descoñece, por parte dos veciños y das veciñas, cal é a cantidade pola que deben de tributar coas diversas pensións que están a recibir. Por este feito, consideramos que non se poden tratar como defraudadores fiscais a estos veciños porque realmente non o son. Consideramos que dende logo, si estas persoas teñen que facer fronte á presentación destas complementarias, pedimos que non se faga con imposición de intereses de demora nin sancións y que se dea un prazo de tempo máis asequible, incluso que se permita pagar, i vou a utilizar a expresión "indefinido", que incluso á señora de Cospedal lle sonaba, non? Como esto de pagos indefinidos, pois que se permita pagar con maiores facilidades a aqueles que o teñan que facer, pero que dendo logo, e insisto unha vez máis, non se apliquen expedientes

sancionadores a estas persoas, porque como dicía, i me ratifico, foi simplemente o descoñecemento de cal era a situación pola que tiñan que tributar, de cal é esa cantidade pola que deben de ingresar ou non, i que por iso pedimos, i como dicía antes tamén agardamos a sensibilidade de todos porque estamos seguros de que, coa alarma que creou i xenerou no noso Concello debido ao gran número de persoas afectadas, todo o mundo estamos a recibir queixas dos nosos veciños por esta situación, i por eso pedimos o apoio da Corporación Municipal para solicitar que se exima dos expedientes sancionadores ás persoas afectadas. Boas noites.

Sr. Alalde.- Moi ben, gracias señora Louzao, ten a palabra o señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Si, e como xa dixen o Grupo Municipal do BNG tamén presentou unha moción relativa a este mesmo punto de pedir o apoio aos pensionistas que perciben unha pensión do extranxeiro porque non son defraudadores fiscais, simplemente descoñecían que tiñan a obriga de tributar por este diñeiro, son cidadáns que non contan cos mesmos asesores legais que os que levan os cartos para Suiza, como ben me decía o outro día un veciño, "nos traemos de Suiza para aquí, non os levamos para alá, entonces queremos que se nos aplique os mesmos beneficios fiscais que se lle aplican aos defraudadores", non? entonces non pedía non tributar senón simplemente pedía que non se lle esixira o pago do que ata agora descoñeceu e cando pideu por activa e por pasiva información si tiña porque facer ou non, o outro día me contaban o caso de un veciño que tuvo que tramitar unha axuda familiar para un membro da familia, da unidade familiar, que tiña unha minusvalía, preguntou si tiña que declarar a súa pensión que cobrara de Suiza e lle dixeron que non, i agora se atopa con esta carta da Axencia Tributaria reclamándolle non só o pago destes tributos senón a multa correspondente por non ter realizado esta, esta declaración. Non é normal que se lle aplique unha amnistía fiscal a quen sí sabía que tiña que declarar uns ingresos e non o fixo e, sin embargo, a cidadáns, e traballadores e traballadoras do común que simplemente descoñecían esta obriga se lle aplicando agora unha sanción, por eso nos pedimos, non só o apoio do Concello a estos veciños e veciñas afectados por esta reclamación da Axencia Estatal, senón instar á Xunta de Galiza a establecer mecanismos para colaborar con este Concello na prestación de asesoramento a todas as persoas afectadas que o precisaren, demandar ao Goberno do Estado a opción urxente das seguintes medidas: anulación de todos os expedientes sancionadores e instruídos pola Axencia Estatal Tributaria e que se lle notificaron nos últimos meses a persoas beneficiarias galegas de pensión no extranxeiro por non tributaren por estas cantidades nos exercicios a partir do ano 2008, a partir do ano 2008 porque todos sabemos que anteriormente ao 2008 están e, caducan, que sinón probablemente lle reclamaran tamén estes cartos, tendo en conta o absoluto descoñecemento que tiñan desta obriga tributaria; o inicio dunha campaña de información a todas as persoas afectadas destas, das súas obrigas tributarias futuras anulando os requerimentos dos exercicios comprendidos entre os anos 2008 e 2012; a revisión dos convenios marco con outros países para evitar que situacións deste tipo poidan volver a producirse no futuro; e, por último, trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, ao Presidente do Goberno do Estado, e os Grupos Parlamentarios no Parlamento de Galicia e Congreso dos Diputados.

Sr. Alcalde.- Moi ben, moitas gracias señor Magariños. Ten a palabra, señor Blanco.

Sr. Alberto Blanco do PP.- Ben, boas tardes. Ante un asunto tan complexo e donde se presentan tantas dúbidas de carácter xurídico

sobre o que é a liquidación dun tributo, consideramos que si é razoable apoiar a esta xente no que sería a supresión ou polo menos a reconsideración dos procedementos sancionadores que se lle están a aplicar desde a Axencia Tributaria. Consideramos tamén que sería conveniente que se lle dera unha maior información, como se di, de cara ao futuro, e unha reconsideración ou mellora dos convenios marco que existan entre os diversos países.

Sr. Alcalde.- Moi ben, tendo creo que, e estando dacordo máis ou menos no fondo da cuestión non, i o que, o que estamos a falar básicamente, bueno dúas mocións do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego que van nunha liña moi parecida, o importante é consensuar o texto, si parece aos dous grupos políticos, no tocante a deixar ben claro o apoio, creo que debe de ir, no apoio claro i contundente do Concello da Estrada ao colectivo de persoas afectadas por esas reclamacións de pensións no estranxeiro ou de cotizacións non realizadas, solicitar á Axencia Tributaria que exima dos expedientes sancionadores ás persoas afectadas, do expediente sancionador é un tema no que ten que quedar polo menos o noso apoio ahí y o da información me parece tamén que vai un pouco na liña das dúas mocións pero sería bo consensuar un acordo definitivo para que poidamos proceder á súa votación. Ten a palabra a señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE- Ben, entendendo efectivamente que era o que pedíamos, esa unanimidade e ese respaldo que a moción que presenta o Grupo Socialista recolle esos tres puntos: apoio y respaldo desta Corporación ao colectivo de personas beneficiarias de pensión no extranxeiro, solicitar a Axencia Tributaria que exima do expediente sancionador ás persoas afectadas, i solicitar do Goberno Galego información clara e veraz para que se permita a aclaración da actual situación ás persoas así como a resolución do problema inmediato. Entendemos que a proposta do BNG de facilitar esa información é sumativa i se pode facer claramente i consideramos que, efectivamente, un acordo unánime con esos puntos sería o desexable.

Sr. Alcalde.- Moitas gracias señora Louzao, ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Engadíndolle ás cuestións esto de inicio da campaña de información e demandando ao Goberno o establecer un mecanimo de colaboración con este Concello unha prestación de asesoramento a todas as persoas afectadas que o precisen, simplemente creo que é máis ou menos é o mesmo o resto dos puntos.

Sr. Alcalde.- Moi ben, pois si lles parece entonces procedemos a votar a moción coa parte, coa parte resolutive do Partido Socialista incorporando no texto o inicio dunha campaña de información ás persoas afectadas das súas obrigas tributarias futuras, entendo que, por parte da Xunta de Galicia.

Sr. Magariños do BNG.- Si.

Sr. Alcalde.- Por tanto creo que vai recollido solicitar do Goberno Galego información clara e veraz que permita a aclaración da actual situación ás persoas afectadas, vai un pouco subsumido nese acordo ou podemos poñelo: solicitar ao Goberno Galego o inicio dunha campaña de información clara e veraz que permita a aclaración da actual situación ás persoas afectadas i a revisión...

Sr. Alberto Blanco do PP.- ...i a propia Axencia Tributaria...

Sr. Alcalde.- ...i a propia Axencia Tributaria como apunta o Concelleiro de Facenda i a revisión do convenios marco con outros países para evitar que este tipo de situacións se poidan volver a producir, non? Creo que con esos dous puntos quedan perfectamente recollidas as dúas mocións ás que nos sumamos os tres grupos políticos e procedemos a votar. Votos en contra? Abstencións? Votos a favor? Apróbase por unanimidade.

Finalmente, o Pleno da Corporación adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

1º.-Apoio e respaldo ante a AEAT ao colectivo de persoas beneficiarias de pensións no extranxeiro.

2º.-Solicitar da AEAT que se exima dos expedientes sancionadores ás persoas afectadas.

3º.-Solicitar do Goberno Galego información clara e veraz que permita a aclaración da actual situación ás persoas afectadas. Así como a resolución do problema inmediato.

4º.-O inicio dunha campaña de información a todas as persoas afectadas das súas obrigas tributarias futuras, anulando os requirimentos relativos aos exercicios comprendidos entre os anos 2008 e 2012.

5º.-A revisión dos convenios marco con outros países para evitar que situacións deste tipo poidan volver a producirse no futuro."

Non sei si hai algunha outra moción de urxencia. Pois se non hai ningunha outra moción, pasamos á parte de control da xestión,

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

3º.-DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 31 DE MAIO DE 2013, ÁMBOS DOUS INCLUÍDOS. Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas durante o período comprendido entre o 2 e o 31 de maio de 2013 (da número 482 á número 632, ambas as dúas incluídas).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

4º.-ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde.-Ten a palabra, señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.- E ben, rogando, en primeiro lugar, como apuntan os compañeiros que se acondicione o local para que non suceda esto de que todos estemos desexando que isto termine o antes posible pola calor que aquí sucede i que pensando en donde está a auga para salir correndo, vamos a facer un rogo que, dende logo, eu penso que é palpable. Xa dicir que no lo trasladan os veciños, xa é quedarse curtos, porque vamos a rogar unha vez máis neste Concello que se deixe de facer, deixadez de funcións con respecto aos desbroces, porque é obrigación da Corporación, perdón, do Goberno Municipal, o mantemento y desbroce das pistas i das vías públicas, i agora mesmo a situación na que se atopa o Concello, sabemos da extensión dos viais, sabemos da temperatura que houbo este ano, pero dende logo sabemos tamén é que o Concello ten medios, que o Concello debe facer unha programación adecuada i xa non é a primeira vez que sucede. Agora mesmo os viais públicos están nunha situación de seguridade viaria moi perigosa, hai cruces nos que non se ve, sinais que están tapadas, biondas que

nin siquiera se ven pola broza, i polo tanto os veciños nolo trasladan indignados i como dicía antes dicir que o trasladan indignados é quedarse curtos. Pedimos a este Goberno Municipal que atenda as súas funcións i que proceda a desbrozar os viais do Concello, porque agora mesmo esta situación de seguridade viaria é moi perigrosa, incluso rozando o punto de neglixencia con respecto a seguridade viaria. Moitas grazas.

Sr. Alcalde.- Moi ben, pois tomamos nota do seu rogo. Algunha intervección por parte do señor Magariños? Ten a palabra señor Magariños.

Sr. Alcalde.- Ah perdón, perdón. Ten a palabra a señora Louzao, que non rematou todavía.

Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.- Perdón, señor Magariños, disculpe usted. Esquecía dicir que seguimos agardando i rogamos ao Concello que nos facilite os datos que temos pedidos: temos solicitado por rexistro, pois con fecha 04 de xuño, acceso a un expediente que todavía non se nos dou, seguimos agardando; i temos solicitado, así o fixemos no pleno pasado i se nos dixo que se nos daría por escrito unha información, i que dende logo se aprobou na acta de hoxe, todavía non nos chegou, por tanto rogamos que se nos facilite o antes posible.

Sr. Alcalde.- Moi ben. Moitas grazas, señora Louzao. Ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- En Portela e en Souto de Veá hai varias varandas das pontes que se substituíron, unhas sí e outras non. A pregunta é por qué unhas se fixo, se lle substitúe e outras non, supoño que terá que ser unha pregunta que trasladen á Diputación porque supoño que descoñecerá o Alcalde, pero bueno, como Diputado Provincial que é que se interese por esta cuestión. No mesmo vial, estânse, nas vallas quitamedos, estânse colocando protectores para motoristas e ciclistas, pero atopamos que nunhas se están colocando e noutras non, é un vial que, bueno ten un trazado bastante insinuoso, incluso no, onde empeza, no empalme con Portela, con bastante pendente, entón, bueno, que se lle coloque, rogamos que se lle coloquen, todos estes protectores a todos estes quitamedos. Fai unha semana supemos dun accidente mortal aí na baixada cara Cuntis, para evitar este tipo de situacións que se complete estes protectores a todos os quitamedos de todo este vial. E outra, rogo, que é substituír o cartel de sinalización que neste mesmo vial que se puxo de novo que pon "San Andrés de Veá" polo termo correcto e oficial que é "Santo André de Veá" e, como anécdota ou entrecomillado, direi que este punto mo fixeron, si ben, os dous puntos anteriores veume por dúas partes, me trasladaron esta cuestión, o punto de Santo Andrés de Veá foi por bastantes máis, non? O que me sorprendeu realmente o grao de sensibilidade que hai ca, co galego nesta, neste Concello. Despois outro punto, que aquí pode dar fe o señor Concelleiro Juan Constenla do que vou a dicir, despois das festas da vila as beirarrúas nas que se situaron os postos de venda ambulante de comida presentan un estado lamentable, polos aceites que alí se perderon, e os cheiros que neste momento e, sobretudo o día de hoxe, que se producen nestas zonas son nada agradables, porque desde logo non cheiran ao restaurante "el Bulli", non? Entón hai alí, por xunto a casa do Concelleiro, unha mancha que desprende un olor bastante desagradable.

Sr. Alcalde.- Esa vai a ser a última en limpar, para que non teñan que dicir vostedes despois que se limpa antes a do Concelleiro que a dos demais, entón esa mancha voume encargar que sea a última que se limpe.

Sr. Magariños do BNG.- E que o problema é que os veciños que viven ao lado me dixeron hoxe: "aquí non se respira"...

Sr. Alcalde.- A lei é para todos igual señor Magariños, se usted se queixa de que se lle fan cousas a outros Concelleiros en outros lados, vamos a intentar que esa mancha sexa a última. Sinto polos veciños que viven ao lado do Concelleiro que van a ter que sufrir esa mancha durante máis tempo, pero que conste que xa están limpiando, xa levan uns cuantos días limpiando i están intentado poñer ao día o tema.

Sr. Magariños do BNG.- É por último, rogamos que se, que lle esixa á Consellería de Educación que busque unha solución ao problema que ela mesma creou coas obras do Pérez Viondi ao redactar e realizar un proxecto, da ampliación deste colexio, que non conta coas mínimas instalacións necesarias, como neste caso, o caso da Secretaría. É a denuncia que transmiten os pais, nais e a comunidade docente, desta situación.

Sr. Alcalde.- Sinto decirlle, señor Magariños, que non é certo o que vostede di. Pódolle garantir ademáis, mañán vai a ver, vai vir, a unidade técnica á Estrada. Pódolle garantir ademáis que ese centro, primeiro, vai a estar moito millor que fai un ano. Fai un ano non había obra i este ano temos para inaugurar a nova ampliación do Colexio Pérez Viondi, primeiro dato. Segundo dato, a ampliación ten moitísimo máis espaciao do que tiña o centro anterior, moitísimo máis. Tercero, créanse zonas que non son de servizos mínimos, son de servizos máximos; mañán o van analizar directamente no centro i se vai a ver que hai sete u oito espaciaos que non están contemplados dentro dos servizos mínimos que ten que prestar o centro, que ten que ter ese centro, polo tanto, o centro vai a ter seis, sete, oito espaciaos libres para poder destinar ao que eles consideren oportuno. Por tanto creo que vai, a obra vai, vai a millorar sustancialmente a situación na que estaba, i ademáis lle podo garantir que a nosa preocupación non pode ser outra que despois de 14 ou 15 anos, xa non recordo, esperando á comunidade educativa para que se fixera esa obra, se fixo agora precisamente nestes momentos, somos sensibles á realidade dos centros educativos públicos i estamos a facer un esforzo importante para cumprir o déficit estrutural que viña arrastrando desde fai moitísimos anos, non? Bueno, temos a suerte de que hoxe o problema é que non teñen un aula para a admimistración e máis que os profesores non teñen sitio para aparcas; fai un ano, o problema era que non tiñan centro. Polo tanto creo que o cambio é sustancial i a responsabilidade deste Goberno se acredita con feitos, non?, i os feitos están ahí. Por tanto creo que mañán van a ter esa reunión i creo que vai a quedar suficientemente claro que o Centro vai a ter espaciao máis que suficiente dentro dos servizos básicos i mínimos necesarios que ten que ter un centro desas características para poder acometer, e lle digo máis, vai a pasar a ter dúas salas de profesores, unha no centro vello e unha no centro novo, que non a tiñan antes; van a pasar a ter determinadas aulas a maiores na zona, na zona de servizos que ten máis de 300 metros cuadrados, unha zona de serviciao que se crea nesa, nesa unidade. Osea que creo que espaciao máis que suficiente i máis que óptimo para poder desempeñar todas as funcións que teña que desempeñar un centro público, o teño seguro, outra cousa é unha cuestión de organización ou unha cuestión de oportunidade, tamén, á hora de trasladar este tema aos medios de comunicación antes de que o supera pois a propia unidade técnica ou a propia concellería, non? Que se podía haber falado de outra maneira, pero bueno entendo que eso entra dentro de outro dipo de debates.

Sr. Magariños do BNG.- Bueno, a min cónstame que dende a comunidade educativa se dirixiron aos que están executando as obras pedindo información e se, e lla negaron, e esto se evitaría si a comunicación fose máis, máis fluída.

Sr. Alcalde.- Mañán, mañán.

Sr. Magariños do BNG.- Si bueno, pero mañán xa sabe que as clases remataron, a maioría dos pais e nais que estaban preocupados por esta cuestión non están alí. Si a comunicación fose fluída, como tiña que ser, e explicar as cuestións probablemente non xenerara esta alarma que xenerou entre os pais e nais.

Sr. Alcalde.- señor Magariños, será o primeiro pai e nai que esté preocupada porque un centro non ten secretaría, será o primeiro. Estarán preocupados porque os rapaces non teñen aulas ou non teñen os medios necesarios, pero que os pais non teñan, que os profesores non teñan sitio donde aparcas os seus vehículos i que non haxa secretaría no centro me parece a min, permítame dudar que sexan os pais e nais os que teñan esa preocupación, por eso mañán se tratará coa dirección do centro este aspecto i xa verá vostede como teñen, non espacio suficiente, máis que suficiente para poder diseñar o futuro espacio de prestación de servicios administrativos que teña que desempeñar ese centro. Teño por seguro, porque lle quedan unhas instalacións de primer nivel, non?, i van a ter posibilidades de poder desempeñar todas as funcións i máis, incluso, van a poder facer actividades extraescolares si queren i van a poder implicarse todavía máis coa formación do alumnado que é o que a todos nos preocupa realmente no ensino público. Algunha cuestión máis?. Pois si non hai ningunha cuestión entramos na parte de turno de participación cidadá, non sei se algunha persoa do público querer facer algunha cuestión, algunha pregunta ou algún rogo, i si non hai... Sí, ten vostede a palabra, ten que identificarse co DNI, aportarllo aquí ao compañeiro.

Sr. Valladares (público).- Moi buenas tardes a todos. Eu a primeira vez que quero falar pero algo serio e que me conteste ás preguntas, non como fixo anteriormente. Desde cando un alcalde é responsable para poder entrar nunha propiedade privada doutra persoa? Cando un alcalde pode aprobar un PXOM sin ser mostrado aos cidadanos?, porque as propiedades son dos cidadanos, non de ustedes. Usted poderá ter as súas, a súa parcela, pero non para firmar un, 26.000 estradenses que vivimos neste concello. O único sistema que teñen vostedes é de amenazar aos cidadanos. Como dixo usted na súa campaña á alcaldía que "parece que o señor Dono facía radios, radios como o Señor Hugo Chávez en Venezuela", pero Hugo Chávez tiña unha pobreza no seu país do 82% e usted nestes momentos aquí na Estrada está tengo casi o 50% de xente pobre, porque estanse marchando a Suiza, durmindo nos coches, botándose alá semanas, vivindo miserablemente. Aquí, se un quere unha plaza do Concello, hai que pagar por compulsar unha titulación si se...

Sr. Alcalde.- señor Valladares, vamos a ver, perdoname un segundo. Esto é unha parte donde a xente pode participar...

Sr. Valladares.- ...si si si si...

Sr. Alcalde.- ...donde vostede ten o seu dereito para poder opinar, non para vir a dar un mitin político, senón para facer un rogo, un rogo ou unha pregunta ...

Sr. Valladares.- ...eu díxenlle...

Sr. Alcalde.-...perdóneme señor, señor Valladares...

Sr. Valladares.-...non milito a ningún partido político, como vostede...

Sr. Alcalde.- ...señor Valladares, téñolle que dar eu a palabra, perdóneme vostede, eu dígolle que vostede cíñase, eu creo que aquí temos, i sabe vostede que temos paciencia suficiente e infinita para escoitar o que vostede queira decir, pero cíñase ao que é o reglamento que lle permite a vostede falar neste pleno, que é formular un rogo ou unha pregunta. Cíñase vostede ao rogo ou a pregunta que queira formular, sinón, evidentemente, pois non poderemos seguir con esto porque non vai a ningún lado, vostede si quere facer un mitin político pois fágao donde, preséntese vostede as eleccións...

Sr. Valladares.-...eu xa lle dixen, non milito, non milito a ningún partido político, como vostede e os seus compañeiros, e estou defendendo cousas que levamos 40 anos atrasados, porque cobrar un imposto por ter un posto de traballo, tendo seis millóns e medio de parados que hai, que moitos non están inscritos na Oficina de Empleo, eso non existe en ningunha parte da Comunidade Europea como vostedes teñen aquí. Cobrar por un simple cuño dun certificado dunha titulación como vostedes fan neste Concello, que tuven que ir á Xunta e por medio da Xunta si se pode, entón si aceptan sin cobrar. E usted, francamente, nos están robando, e sin atendernos...

Sr. Alcalde.- ...señor...

Sr. Valladares.-...con moita palmiña por atrás...

Sr. Alcalde.-...señor Valladares, cal é o seu rogo i a súa pregunta despois desa intervención fantástica que acaba de facer, lle pido que concrete i nos diga cal é o rogo i a pregunta para que poidamos tomar nota dela.

Sr. Valladares.-... que ese PXOM non é válido, o que vostedes aprobaron...

Sr. Alcalde.- Eso é un rogo?

Sr. Valladares.- ...por atrás, á espalda de todos os cidadanos, e penso levalo ao Valedor do Pueblo e segundo, penso denunciarvos por entrar na propiedade de meu pai, quen sodes vos para amenazar e entrar na propiedade dunha persona, privada, donde estaba ben escrito. Eso é o que lle penso decir.

Sr. Alcalde.- Moi ben, pois e, creo que queda recollida a súa intervención, i non sei si hai algunha outra intervención máis do público asistente, pois si non hai ningunha outra intervención agradecendo a todos a súa presenza, que teñan moi boa tarde.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas e dez minutos.

A Estrada, 4 de xullo de 2013
A SECRETARIA EN FUNCIONS,

Asdo.: M^a Jesusa Fernández Bascuas